



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA PARA APOIAR A ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DESTA ENTIDADE DURANTE O ANO 2019

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia (FCTGG) para o apoio ao funcionamento e cumprimento das funcións da FCTGG, en concreto para apoiar o mantemento da estrutura de persoal, os gastos de aprovisionamento, servizos externos e de funcionamento da FCTGG, que lle permitan realizar as actividades de interese xeral para o sector mineiro de Galicia que se indican a continuación:

- a) Realización de proxectos de investigación fundamental ou industrial, desenvolvemento e innovación tecnolóxica co obxectivo de xerar e difundir coñecemento tecnolóxico
- b) Realización de servizos de asesoramento tecnolóxico non estandarizados como diagnósticos tecnolóxicos ou estudos de viabilidade técnica
- c) Realización de servizos de asistencia técnica consistentes en formación técnica especializada, a vixilancia e prospección tecnolóxica e de mercado, a difusión de información e outros servizos análogos relacionados coa xestión do coñecemento, a tecnoloxía, a innovación e a competitividade
- d) Captación e transferencia de coñecemento ao sector empresarial
- e) Apoio á creación de empresas. Asesoramento estratéxico durante e despois da creación
- f) Difusión de información, coñecemento e oportunidades tecnolóxicas e boas prácticas para a mellora da competitividade
- g) Fomento da integración das empresas en redes e foros de interacción permanentes, nacionais e internacionais, que posibiliten a súa internacionalización, a mellora dos procesos de aprendizaxe e a participación en plataformas tecnolóxicas

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A FCTGG é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, con plena capacidade xurídica e de obrar para o cumprimento dos seus fins, que se rexe polos seus Estatutos do 08.06.2016 e polas disposicións legais e regulamentarias que lle son de aplicación, en concreto, pola Lei do Parlamento de Galicia 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das Fundacións de Interese Galego, a Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo e o Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

Que segundo establece o artigo 4 dos Estatutos da Fundación, o obxecto principal que se lle atribúe é o de contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade da industria do sector da pedra natural e dos seus sectores complementarios, mediante a xeración de coñecemento tecnolóxico, realizando actividades de I+D+i e desenvolvendo a súa aplicación.

As actuacións que contempla o convenio teñen como obxectivo a mellora da competitividade do sector no senso máis amplo da palabra, traballando en aqueles temas que permitan ao sector innovar, renovarse e darse a coñecer á sociedade.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria achegará CENTO SETE MIL SEISCENTOS TRINTA E UN EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (107.631,75 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.20.734A.481.00 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces

*(Asinado dixitalmente na marxe)*

